

Axudas Igape para emprendedores e empresa de menos de 42 meses de actividade

Resolución de 17 de decembro de 2020 publicada no DOG nº 4 de 8 de xaneiro de 2021

- **Prazo** de presentación de solicitudes: **45 días naturais a partir do día seguinte a publicación no Diario Oficial de Galicia**. Data límite: 22 de febreiro de 2021.
- **Proxectos subvencionables:**
 - Proxectos de nova creación, non poden ter iniciada a actividade nin comprometido gasto antes da solicitude
 - Empresas que non teñan mais de 42 meses de antigüidade
- **Ser técnica, económica e financeiramente viables.**
- **Ser proxectos completos**, non se subvencionan fases de proxectos que non inicien a actividade.
- O proxecto debe ter **carácter incentivador**, polo que os custos da solicitude non poder estar nin realizados nin comprometidos.
- Estas axudas son **incompatibles con outras axudas públicas para os mesmos investimentos**.
- **Beneficiarios:**
 - Autónomos e Pemes baixo calquera forma xurídica sempre e cando as entidades sen personalidade xurídica teñan NIF e acrediten a autoliquidación do imposto AXD.
 - No caso dun proxecto emprendedor que non estea iniciado pode presentarse a solicitude a nome dunha persoa física.
- **Non se considerarán beneficiarios** destas axudas:
 - As pemes que desenvolvan a súa actividade no sector da pesca e da acuicultura, produción agrícola primaria, aceiro, carbón, construción naval, fibras sintéticas, transporte, distribución da enerxía e infraestruturas enerxéticas.
 - Empresas que en 31 de decembro de 2019 estivesen en crise.
 - Empresas cunha orde de recuperación de axudas.
 - Empresas cotizadas.
- **Conceptos subvencionables:**
 - Obra civil para construción, reforma ou rehabilitación
 - Bens de equipamento: maquinaria, instalacións, medios de transporte internos, vehículos para transporte externo que non teñan a consideración de vehículo especial.
 - Activos inmateriais: patentes, licenzas, webs...
 - Gastos de persoal de nova contratación.
 - Alugueiro de locais.
 - Contratacións externas para: Software, deseño gráfico, identidade corporativa, servizos de asesoramento para a posta en marcha de proxecto empresarial.
- **Contía e valoración das axudas:**
 - Subvención a fondo perdido do **80%** dos custos subvencionables ata un **máximo de 400.000 €**.
 - **Baremo** (máx. 100 puntos):
 - Creación de emprego: 10 puntos por cada contrato laboral de nova creación.
 - Investimento: 10 puntos para investimentos de mais de 50,000 € e 20 puntos para investimentos superiores a 100,000 €.

- Innovación: 20 puntos para empresas con cualificación de IEBT.
- Sector da actividade: 10 puntos para os sectores que figuran no anexo III da orde de subvención.
- Economía verde e circular: 10 puntos pola aplicación de medidas concretas, efectivas e cuantificables de redución da pegada de carbono.
- Formación: 10 puntos por cursos de xestión empresarial.
- Empresas de economía social: 10 puntos.
- Marca galega de excelencia en igualdade: 5 puntos.
- **Documentación.**
 - Memoria descriptiva na que conste:
 - Experiencia dos promotores.
 - Explicación da idea de negocio.
 - Descrición do proceso produtivo ou de venda.
 - Estudo económico-financeiro no que conste a necesidade dos investimentos e plan detallado de ingresos e gastos.
 - Formas de financiamento facendo constar a orixe dos fondos.
 - Informe de vida laboral dos promotores do proxecto.
 - En caso de ser necesario presentación de tres ofertas.
 - Acreditación documental para a valoración do proxecto.
 - Informe de vida laboral da empresa en caso de ter iniciada a actividade.